A TRABE DE OURO E OS MOUROS DOS CASTROS

A inspirada aplicación galega do método universal para crear pobos míticos

Xosé Ramón Mariño Ferro

Os labregos galegos, e europeos, para crearen o pobo dos mouros empregaron un método de amplo uso nas sociedades humanas. Os gregos manexárono, como case todo, con grande mestría. O método é sinxelo: o pobo creador atribúelle ao pobo creado bastantes dos seus trazos culturais e logo engádelle algúns diferentes, ben ideais e utópicos, ben degradantes e ofensivos, ou négalle os máis prezados e nobres. Os trazos comúns serven para que os diferentes resalten con máis forza. E os diferentes elíxense de acordo cos valores ou principios que se quere potenciar. Non é nada distinto do habitual na conformación das identidades nos grupos humanos, na que se xoga coas semellanzas e diferenzas, tanto coas reais como coas supostas. Por esa razón os pobos míticos, xa sexan os máis idílicos, xa os máis vilipendiados, se ben poden posuír trazos universais derivados da propia natureza humana, non se entenden sen ter en conta a realidade etnográfica dos creadores.

Con ese método inventaron os gregos a raza dos heroes da idade de ouro, os bárbaros e as amazonas. Os homes da idade de ouro, segundo a describe Hesíodo, descoñecían o traballo, a tristeza, a dor, a enfermidade e a vellez e «morrían como sumidos nun sono».[1]

Na sociedade das amazonas –debería dicirse amázones-, como en calquera polis, practícase a agricultura, recíbese instrución militar e ofréceselles culto aos deuses. Pero os roles de xénero invértense. Os homes ocúpanse dos labores domésticos e do coidado dos nenos, mentres que as mulleres aran as leiras e combaten contra os inimigos. Ademais, para mostrar que esa opción resulta inaceptable, engadíronlle algúns comportamentos "salvaxes", como o hábito de comer carne crúa e a predilección polo arco, que en Grecia era unha arma aldraxada dende os tempos homéricos. O das amazonas é, pois, o pobo dos roles de xénero invertidos.

Os pobos bárbaros que imaxinaron os gregos non se alimentan de cereais, non respectan a hospitalidade, descoñecen as leis e a relixión ou, se a coñecen, practican sacrificios humanos. Carecen, polo tanto, dos comportamentos propios dos homes civilizados, dos aqueos «comedores de pan», hospitalarios, sometidos á lei e temerosos dos deuses.

Dous mouros e dos seus tesouros hai dúas referencias no *Códice Calixtino* do *Liber Sancti Jacobi*. A primeira aparece na lenda do ídolo de Mahoma. Cóntase que Carlos Magno esnaquizou todas as imaxes sarracenas que localizou en España agás o chamado Salam de Cádiz, que representa un home que mira ao mediodía e sostén na man dereita unha chave enorme. «Esa chave, segundo din os mesmos sarracenos, caerá da súa man o ano en que naza na

Galia o futuro rei, que nos derradeiros tempos someterá ás leis cristiás toda a terra española. Axiña que vexan a chave caída, fuxirán todos, despois de agachar na terra os seus tesouros».[2]

A segunda noticia aparece na breve pero atinada descrición de Galiza do capítulo sétimo do libro quinto: «Esta é frondosa, abundante en ríos, prados e excelentes pomares, bos froitos e clarísimas fontes, pouco poboada de cidades, vilas e terras de labor, escasa en pan de trigo e viño, abondosa en pan de centeo e sidra, rica en gando e cabalerías, en leite e mel, en peixes mariños grandes e pequenos, en ouro e prata, en teas e peles de animais salvaxes e outros recursos, abundante mesmo en tesouros sarracenos. Os galegos seméllanse bastante nos costumes á nosa xente gala máis que os outros incultos pobos españois, pero son iracundos e moi preiteantes».[3]

Por certo, o *Códice Calixtino* tamén inclúe "A controversia entre Carlos Magno e Aigolando", que na miña opinión serviu de modelo aos numerosísimos combates de mouros e cristiáns que existen en España.

Nos nosos tempos dedicáronlles aos mouros galegos excelentes monografías Xosé Manuel González Reboredo, Mar Llinares e Buenaventura Aparicio, cuxas esteiras sigo. Os datos etnográficos tómoos do libro de Aparicio e do que publicou Alexandre Parafita sobre os mouros de norte de Portugal, tan próximos aos galegos como próximos son os labregos de ambos os lados da fronteira. Nesas obras pódese atopar a localización exacta –concello e parroquia- dos lugares citados.

AS SEMELLANZAS

Os mouros comparten cos labregos numerosos trazos culturais. Asombran as semellanzas no eido económico. Coinciden as técnicas agrícolas, os cultivos e os apeiros. Mouros hai que recollen croques[4], que viven da pesca[5] e posúen barcas[6]. Pero a maioría dedícase a criar gando e traballar a terra. Crían cabalos, mulas, becerros e porcos. Aos cabalos, grandes coma hórreos,[7] póñenlles ferraduras[8] e lévanos a abeberar a fontes, regos[9] e ríos.[10] Tamén se lles ve levando a beber as mulas.[11] Ceban porcos[12] e ás veces pispan os dos labregos logo de engordárllelos.[13] Acubíllanos en cortellos como os de Chan das Formigas.[14]

Os mouros galegos labran as leiras co arado,[15] provisto da súa correspondente rella,[16] e logo achanzan a terra removida e desfan os cadullos coa grade,[17] cunha lousa enriba «como é costume nestas terras -explica unha moura-, para facer peso».[18] Empregan picarañas,[19] machados[20] e outras ferramentas que lles encargan aos ferreiros.[21] Por suposto, válense de xugos[22] para poñer as vacas ao carro e ao arado.

Cultivan trigo, centeo e millo. Na seitura do centeo e do trigo fan monllos,[23] que transportan á eira para a malla.[24] Abundan as eiras nas aldeas dos mouros.[25] No castro de Perroño «había unha eira onde os mouros mallaban o trigo».[26] «No castro de Rivela hai una eira dos mouros, onde mallaban o centeo».[27]

Despois de asollalo a fin de que se conserve,[28] gardan o trigo en tullas[29] ou en huchas,[30] ata o momento de levalo ao muíño.[31] Existe entre os mouros a mesma variedade de muíños que entre os labregos: hidráulicos,[32] de man[33] e de vento.[34] A miúdo escóitase na aldea dos mouros o monótono son do muíño[35] ou atópanse moas xa gastadas.[36] No Coto do Castro «oíase o tarabelo dun muíño que estaba moendo».[37]

Teñen os mouros artesas para amasaren o pan[38] e fornos para cocéreno.[39] Un veciño de Castenda viu no Petón dos Mouros un forno dos baixos.[40] No castro de San Breixo «os sábados víase fumegar e cóidase que sería o fume do forno onde cocían os mouros».[41]

Cociñan na lareira. Aínda non hai moito un home de Santa María Madalena viu no Coto do Castro «unha lareira con brasas recentes».[42] Un paisano de Augasantas descubriu no castro de Famelga «una cheminea e cinsa».[43] Friten as carnes en tixolas.[44] A ola sostéñena sobre o lume, a altura variable, mediante a gramalleira.[45] Igual que nas casas tradicionais, a lareira, co lume aceso, serve no inverno de sala de estar e de traballo. Unhas mouras da Portela do Antigo fiaban na lareira, sentadas no escano, cos filliños cerca, deitados nun berce.[46]

Beben auga, aínda que, como persoas con posibles, prefiren o viño. A auga van buscala as mouras nun caneco ao pozo, á fonte ou ao río.[47] O viño prodúceno no lagar[48] e gárdano na adega, ou mércano aos arrieiros. A alta produción da adega do castro de Amboade deu pé ao dito: «Cando nesta adega falte o viño, ha de faltar a auga no río Miño».[49] No castro de Vilacaiz «hai tanto viño que se algún día chegara a estalar o depósito inundaría o lugar».[50] Os mouros do castro de Vilaesteba «saían a comprar viño a Vilaesteba e deixaban os cartos nos poios das pipas».[51] No castro da Perita e no de San Cosme un home fornecíalles o viño aos mouros a bo prezo.[52] Un veciño de San Xulián de Piñeiro, «que xa morreu, leváballe o viño aos mouros do Coto do Castro».[53] Os arrieiros vendíanlles viño aos habitantes do castro de Guimarei e de Soutolongo.[54] «Dous arrieiros vendían viño aos mouros do castro de Gargantáns, quen metían as mulas cargadas e as devolvían cun sobre de ouro polo valor da mercancía».[55]

Ademais de viño, se for preciso, mercan trigo,[56] porcos[57] e leite.[58] Os mouros do castro de Cerdeira, que non posuían gando, ían por unha canada de leite á aldea dos labregos.[59] Os mouros portugueses –dise- devecen polo leite de vaca.[60]

Para a merca ou intercambio de produtos acoden ás feiras, sexan as propias,[61] sexan as dos labregos. Os mouros do castro de Bouzadoiro, en Verín, ían «á feira a Portugal».[62] Dúas mozas mouras do castro de Orbán asistían o día seis de cada mes á feira desa parroquia, vestidas con elegancia, se ben «o coiro dos brazos víaselle todo e aínda algo máis».[63] No castro de Codeside ían vender cousas á chamada Praza dos Mouros.[64]

Ademais de mercarlles produtos, os mouros solicitan dos galegos certos servizos ofrecidos por especialistas. Trátase de profesionais como a tecelá, a parteira e a ama de cría, ás que recorren tamén os labregos, en especial os máis ricos. «Unha parteira de Nine foi chamada unha noite por un home descoñecido para asistir nun parto».[65] A unha moura do castro de Cerdeira, ao

chegarlle a hora do parto, «foron a Macenlle para lle traer unha parteira».[66] En Nodar contan que una muller da parroquia «era quen lles asistía aos partos ás mouras».[67] Unha moura da Quinta dos Machados «mandou un criado chamar unha parteira a Chaves».[68]

Máis propio de ricos, como son os mouros, é contratar unha ama de cría.[69] Un mouro do castro de Pedrouzos cruzouse no camiño unha ama de cría e «chamouna para que lle dera de mamar a un meniño que el tiña e levouna por unha mina moi longa ata unha casa bonitísima».[70] Unha muller de Loureiro contaba «que a levaron os mouros para darlle o peito a un neno mouro, ao que lle morrera a nai».[71]

Os mouros, como os cristiáns, lávanse, xogan e divírtense. Os mouros do Coto do Castro de Loureiro saían «a lavarse a un regueiro que pasaba por alí cerca».[72] Unha moura do Monte do Castro de Peitieiros «baixaba a recoller auga cun caldeiro ao río Miñor e lavábase na pía existente na cima do castro».[73] Ao río Tea ían os mouros do Monte dos Castros de Lourido «a lavar o cabelo».[74] Os do Castro de Negros «xogaban ás bólas».[75] Nese castro «facían festas as mouras», nas que os mouros «cantaban e bailaban xuntos».[76] No Castro de Neixón «óese tocar a gaita de fol».[77] No de Barreiro «tocaban unha música como se fora de pandeiro e de gaita».[78] Na Coroa de Santa Cristina de Montelongo unha muller oíu «un gaiteiro e moita xente que bailaba».[79] No Castro da Perita os mouros cantan e bailan.[80] No Campo das Antas de Castrelo «bailaban os mouros».[81] En Millerada «baixaba un mouro do castro para bailar coas mozas».[82] Unha moura namorada do castro Meimón repetía a miúdo esta cantiga:

No castro de Parada
teño a miña filla Clara.
No castro de Magros
teño o meu fillo Calros.
E no castro de Meimón
teño o meu corazón.[83]

Cada familia vive na súa casa,[84] pazo[85] ou castelo,[86] que contan con chaves,[87] con lacenas,[88] con camas e cadeiras.[89] Os camiños da aldea están, ás veces, lousados; por exemplo, no castro de Gabenlle.[90]

Homes e mulleres repártense os labores coma nas familias labregas. Os mouros van ao muíño e mallan. As mouras cociñan, carrexan auga,[91] lavan a roupa, coidan os animais domésticos e fían. Fían[92] liño[93] con roca e fuso.[94] Ás veces a moura móstrase nunha imaxe non insólita nunha aldea galega: «Unha moura viña fiando a roca e cun fillo no colo dándolle de mamar».[95] A miúdo, tamén como nas aldeas, trátase dunha vella: «Unha vella viña fiando ao río cunha roca e mais o fuso».[96] O fío do fuso –a mazaroca- póñeno en meadas[97] coa axuda dun sarillo. Logo, colocadas as madeixas nunha debandoira, van enrolando o fío e forman nobelos.[98] No castro de

Ourille hai «unha praza grande e máis abaixo aínda sarillos e debandoiras».[99] Co fío así elaborado as mulleres tecen nun tear.[100] Nunhas penedas do Coto da Vila «vive unha moura e pola noite óese o ruído que fai co tear cando está a tecer».[101] Tamén son as mouras as que cosen e lavan. No Coto da Mámoa da Madalena «aparecía unha costureira negra cosendo coas cousas de coser».[102] Sen dúbida son as mouras as que «secan as roupas ao sol».[103] As vellas do Castro de Palmou «viran roupa tendida dos mouros».[104]

Mesmo na relixión hai puntos en común. Teñen igrexas,[105] ermidas,[106] capelas[107] e catedrais[108] -cos imprescindibles sinos-,[109] a onde acoden a «oír misa os mouros da parroquia».[110] Entérranse no camposanto.[111] Ben galego é este outro costume do Coto do Castro de Loureiro: «Cando morría algún mouro, no sitio onde morría, tallábanlle unha cruz de pedra».[112]

AS DIFERENZAS

Contrapunto desas semellanzas que converten os mouros en humanos cos que poder compararse están as diferenzas, que non foron asignadas ao chou senón elixidas con tino para fin predeterminado.

Ricos

Fronte aos labregos, entre a pobreza e a miseria, os habitantes míticos dos castros posúen grandes riquezas e espléndidos tesouros.[113] Ou ben deixáronos enterrados nos castros cando fuxiron.[114] Os mouros do Coto do Castro «eran moi ricos, e tiñan debaixo da terra, escondidos, os seus tesouros».[115] Semella este un trazo apetecible, pero o contexto alterará non pouco o seu sentido.

O ouro

Os habitantes dos castros posúen grandes cantidades de moedas, obxectos e mesmo animais de ouro. O ouro significa riqueza, por suposto. Hai un motivo, o do muíño que moe ouro, que serviu de expresión de riqueza tanto nos contos de mouros como nos romances. No Castro de Magros «os mouros eran moi ricos. Tiñan casas, vestidos, xoias e muíños para moer ouro».[116] Nos romances os muíños de moer materias preciosas acrecentan o carácter esplendoroso e case máxico dun entorno.

Na sociedade tradicional ademais de luxo o ouro representa pureza, por ser un metal nobre, que non se oxida, e por obterse queimando a ganga. «O fume é van e o ouro non se mancha», escribiu Simónides de Ceos no século V antes de Cristo.[117] Os deuses gregos viven en pazos de ouro e posúen todo tipo de obxectos áureos. As deusas e heroínas fían con rocas de ouro. «Semellante a Artemisa –escribe Homero-, deusa de roca de ouro».[118] Helena de Esparta, máis coñecida hoxe por Helena de Troia, tiña tamén «unha roca de ouro».[119]

Na cristiandade o ouro asóciase con Deus, serve de defensa contra o mal e de medicina[120] mentres que o ferro, que se oxida e se corrompe, pertence ao demo. Sirvan de exemplo as visións do máis alá na Galiza da Idade Media. Os pazos do Paraíso están construídos con ouro e pedras preciosas. O monxe Bonelo, en éxtase, viu «unha edificación construída de ouro purísimo e de resplandecentes pedras preciosas».[121] Trezenzonio chega á Torre de Hércules, dende onde albisca a Illa Grande de Solistición, a illa do Paraíso, na que destaca unha igrexa con bases de ouro e panos de altar tecidos con fío tamén de ouro.[122] Naqueles tempos, tempos de poetas sublimes e igrexas magníficas, o Paraíso caía preto da nosa terra.

Na súa viaxe por Galiza –na que dá unha visión dos galegos ben diferentes á de Aymeric Picaud- Borrow, ao chegar aos Ánxeles, en Brión, transcribe a breve lenda que o guía lle conta sobre a igrexa local: «Este lugar chámase Os Ánxeles porque a súa igrexa fixérona os anxos hai xa moito tempo; debaixo dela puxeron unha barra de ouro traído do ceo e que servira de trabe na propia casa de Deus. Vai por debaixo da terra de aquí ata a catedral de Compostela».[123] Abonda con contemplar as trabes de madeira dunha igrexa ou dunha casa rural, macizas e voluminosas, e imaxinalas de ouro, para comprender a súa presenza nos edificios míticos.

A trabe e outros obxectos

Asombra a cantidade de ouro nos castros. Os apeiros e obxectos de uso cotián dos labregos, como o arado, a rella, a grade, os peites, o fuso e o tear, no mundo mítico dos mouros están feitos de ouro. Mesmo as trabes das casas son de ouro macizo, nunha mostra de riqueza e esplendor impoñente.

Os castros ocultan minas e veas de ouro,[124] e variadísimos obxectos dese metal: moedas,[125] potes cheos de diñeiro,[126] olas,[127] cadeas,[128] cordóns,[129] charrúas,[130] rellas,[131] grades,[132] navallas,[133] espingardas,[134] tesoiras,[135] peites,[136] teares,[137] fíos,[138] igrexas,[139] chaves[140] e trabes, moitas trabes.[141] Mesmo albergan animais de ouro: cabalos,[142] cabras,[143] bois,[144] becerros[145] e galiñas cunha rolada de pitos.[146] Trátase de animais encantados. Do Castro de Oca «sae unha galiña con pitos que se volve ouro pois é cousa de encantos».[147] A galiña do Coto do Castro pon ovos de ouro.[148]

Este motivo da galiña e os pitos de ouro, case omnipresente nos castros galegos, procede da Antigüidade clásica. O seu significado simbólico baséase en que a galiña supera na posta as demais aves. Plinio marabíllase da súa fecundidade: «As galliñas son tan fecundas que poñen ata sesenta ovos; algunhas poñen un cada día, outras, dous, e hainas que poñen ata morrer de esgotamento».[149] E Cesare Ripa debuxa unha galiña na representación da Fecundidade personalizada.[150] Para converter esas portadoras da abundancia en símbolo de riqueza só faltaba imaxinar que poñían ovos de ouro. Esopo válese da fábula "A oca dos ovos de ouro" para amoestar aos que, gozando dunha boa situación económica, ambicionan grandes riquezas.[151]

O ouro con produtos perigosos

O ouro dos castros, a diferenza do ouro dun pazo divino, do paraíso ou dunha igrexa, está a carón de materiais perigosos, nunha clara expresión do dualismo que domina as crenzas populares. As trabes, as chaves e outros obxectos de ouro teñen ao lado trabes e chaves de veleno, lume ou alcatrán. Quen ambicione dar co ouro, se tropeza coas materias nocivas, provoca a desgraza e a morte na contorna. No mundo labrego as accións dos individuos afectan a toda a comunidade.

Non se sabía con certeza se na Pedra dos Mouros «había un tesouro ou veleno, porque dise que, se se abre e ten veleno, este chega para matar a todo Coruxo».[152] O Castro de Covelo agacha «unha pena de ouro e de veleno».[153] Debaixo das pedras dos Ballotes «hai unha mina de ouro, outra de prata e outra de veleno que mata».[154] En Castrelo «están enterradas sete tinas de ouro e sete de veleno; se se atopan as de ouro toda a parroquia será rica e se se atopa o veleno todos morreremos».[155] Na cova das Cidades de Meira os mouros esconderon «dúas olas, unha chea de ouro e outra de veleno. Se alguén entrase e abrise unha delas, se tiña sorte collía o ouro, senón morría».[156] Na Cividá de Caneiro son dos toneis[157] e no Monte do Castro de Alxén sete barrís.[158] Nas Eiras do Castro agardan ao explorador destemido «unha pipa de ouro, outra de cobre e outra de veleno».[159] No Monte do Castro «existe una viga de ouro e outra de veleno enterradas, e ninguén quere ir a buscalas porque segundo a que se encontre pode facer a fortuna ou a desgraza de varias parroquias».[160]

Nalgúns sitios substitúen o veleno por peste. O tesouro da Veiga do Vilar está formado por unha talla chea de ouro, outra de peste e outra de fame. «Feliz, din, do que encontre a primeira, mais ¡ai do que encontre calquera das outras dúas!».[161]

Bastante común é que o perigo oculto consista en lume destrutor nalgunha das súas variantes. Polo Castro de Meire «pasan tres vigas: unha de ouro, outra de prata e no medio a terceira, que é de lume».[162] Así mesmo de ouro e lume son as dúas vigas do Castro de Novela.[163] Na Siradella «hai tres minas: unha de ouro, outra de lume e outra de peste».[164] En Oza cambian lume por un volcán: «Din que viviron os romanos e hai unha viga de ouro dende o Monte Neme ao Rodo, pero ninguén vai buscala porque no monte hai un volcán e ardería sete leguas».[165] O Castro de Merí ten dúas trabes casqueiras, unha de lume e outra de alcatrán, separadas por dúas cuartas. «Se se xuntan, a desfeita non terá termo; sairá un volcán».[166] E «din que en Leboreiro hai tres covas: unha de ouro, outra de prata e outra de lava. Se se abre a de lava, explota o volcán».[167]

En lugar de lume pode haber xofre. Parécese ao ouro na cor, pero despide un cheiro desagradable ao arder e –segundo as vetustas teorías dos catro elementos- produce lume, unha das razóns do seu uso na alquimia. Ademais, xa na Antigüidade, asociaban os vapores sulfurosos coa morte. No Castro de Oca «hai unha viga de ouro e outra de xofre».[168] O Monte do Castro de Cotarelo agacha dúas chaves, unha de ouro e outra de xofre.[169] No Castro de Lourido os mouros deixaron arrimadas dúas trabes, de ouro e de xofre. «Non van ao ouro por

mor do xofre, que é malo».[170] Os veciños da Croa do Castro cren que a trabe de xofre «é veleno que mata».[171] Os de Bico do Castro temen que o cacharro de xofre colocado a carón do de ouro envelene a quen o rompa.[172]

Con moitísima frecuencia acompaña á peza de ouro outra de alcatrán. Temos minas,[173] caldeiras,[174] arcas,[175] pelellos[176] e chaves[177] de ouro e alcatrán. Dúas trabes de ouro e alcatrán forman parella en gran parte dos castros.[178] Noutros fálase unha terceira trabe, de prata,[179] de diamante[180] ou de marfil.[181]

Como o xofre, o alcatrán é, por negro, por fedorento e por ígneo, un axeitado contrario do ouro. Repítense os relatos sobre mouros nos que o alcatrán produce lume. No Castro de Moldes lume e alcatrán son equivalentes: «hai tres vigas: unha de ouro, outra de prata e outra de alcatrán ou lume que, tocándolle, pode queimar o país todo».[182] Quen toque a trabe de alcatrán do Castro de Varelas provoca «un gran lume» que destrúe todo en varias leguas á redonda.[183] No Castro de Morgade están enterradas tres trabes, unha de ouro, outra de prata e outra de alcatrán; «o que lle toque a esta derradeira morre abrasado».[184] Na Roda do Espiño «o que dea coa de ouro faise rico, mentres que coa de alcatrán esbouraría e ardería todo nos arredores».[185] A trabe de alcatrán do Castro de Moutello «pode arder».[186] Uns homes que buscaban a trabe de ouro no Castro de San Bartolomeu «encontraron a de alcatrán morrendo moitísimos queimados».[187] No Coto do Castro, coas consabidas dúas trabes, «había un lume de alcatrán».[188] No Castro de Cabras, se os buscadores de tesouros tocan a trabe de alcatrán en lugar da de ouro ou da de prata, «incendian a xente».[189]

Os autores antigos, como os relatos dos castros, relacionan o alcatrán e o betume co fogo. Dioscórides, ademais de comentar o emprego do asfalto en medicina, informa que o «usan para as lámpadas».[190] San Isidoro de Sevilla afirma que o betume e os asfaltos «son ardentes por natureza e se asemellan ao lume».[191] Sebastián de Covarrubias define o alcatrán como «unha especie de betume do que fan lumes inextinguibles».[192]

Diodoro de Sicilia relaciona o betume co ouro nun texto que axuda a entender tamén a presenza do alcatrán no inferno católico. Asegura que no mar Morto, fétido e podre, non viven os peixes debido a que do seu centro brota betume cada ano. E «nas rexións circundantes deste mar, a moitos estadios de distancia, esténdese o olor do betume co seu nauseabundo cheiro e toda a prata da rexión e o ouro e o bronce cambia de cor». Di tamén que os nativos venden o betume «para o embalsamamento dos mortos».[193]

O alcatrán e o pez, por negros, cheirentos e combustibles non faltan no inferno tradicional, imaxe que con certeza influíu nos creadores das dúas trabes mouras. Dante pon os condenados do inferno en «pez fervente».[194] Segundo a visión do monxe Bonelo, do lume do inferno «saía un mar de pez desbordante que ocupaba o inmenso campo, que fervendo facía ondas».[195] En *El colmenero divino* asegura Tirso de Molina que no inferno «non hai máis que pez e resina».[196]

Esta crenza nas materias perigosas, infernais, que acompañan o ouro nos castros cumpre dous obxectivos: por un lado aproxima a riqueza ao daniño e por outro impide buscar os tesouros, de xeito que se manteña o mito. É un caso particular das que poderíamos chamar "crenzas de seguridade" pensadas para protexer una crenza principal. Un testemuño do Castro de Pedrouzos: «Din que no Castro de Pedrouzo hai tres minas ou vigas, unha de ouro, outra de prata e outra de alcatrán. Como non se sabe cal é esta e tocarlle non se pode pois todo canto hai no arredor se queimaría, non se anda na busca das outras dúas».[197] No Castro de Arén hai tres trabes, unha de ouro, unha de prata e unha terceira de alcatrán, «que é a que garda as outras».[198] Na Fonte da Moura «dise que o tesouro está enterrado nunha grande panela de barro, e que ao seu lado están outras panelas con peste, que matarían medio mundo se alguén as abrise. E así ninguén se atreve a ir a desenterralas, co receo de non dar coa panela certa. Razón pola que a moura continúa alá eternamente á espera».[199]

As transformacións do ouro

Os atrancos para conseguir o ouro non se limitan ás substancias perigosas que o escoltan. Tampouco facilita o éxito dos buscadores de tesouros as transformacións que experimenta. Son transformacións idénticas ás que soportan os personaxes e obxectos encantados dos contos marabillosos. É que ese ouro dos castros tamén está encantado.[200] No de San Facundo apareceu «unha pía chea de carbóns, que eran ouro encantado».[201]

Ao penetrar no mundo mouro tanto as persoas como os obxectos sofren un proceso de encantamento e transfórmanse. Moitas doncelas encantadas convértense en cobras, ás veces con ás e cornos como a serpe-muller que tenta a Eva no Paraíso.[202] Os que se meten na cova do Monte do Castro transfórmanse «en animais, por encantamento».[203] Tan pronto como un tear que arranxara a señora Miquelina pasou ás mans dunha moura «transformouse nun tear de ouro».[204]

No Castro de Guntián, igual que noutros moitos, «había xentís que daban cousas que se volvían ouro».[205] O ouro da mouraría pode, en principio, ser desencantado, pero na práctica fracasan case todos os que o intentan. A miúdo queda desencantada unha porción mínima, como mostra de que o proceso é posible. Logra desencantar as mozas enmeigadas e mais os tesouros só quen controla a ambición,[206] actúa con valentía e emprega as "cousas santas" e purificadoras manexadas co mesmo fin nos contos fantásticos.[207]

A unha vella que viu a moura do Castro de Brandoñas «a fariña que levaba moída convertíaselle en ouro», se ía en xaxún e en graza de Deus.[208] Ao descubrir unha cadea de ouro no Castro de Avesta un veciño «mandou bendicir a pena para desfacer o encanto».[209] Para desencantar os carbóns que doaban os mouros do castelo de S. Tomé había que «colocalos ao orballo na mañá de San Xoán» e convertíanse en diamantes.[210] A do orballo é unha das variantes da auga purificadora que se emprega na noite de San Xoán para limpar males e meigallos; neste caso

serve para desencantar.[211] Outra variante é a auga do río; pois ben, unha grade regalada polos mouros a un labrego volveuse de ouro ao metela nun río na mañá de San Xoán, preto de Vila Verdinho.[212] Na noite de San Xoán a cinsa do Castro de Cabras «era de ouro».[213]

Na maioría dos contos os protagonistas non conseguen desencantar os obxectos de ouro, que se degrada ao pasar ao mundo real. Transfórmase en substancias tan contrarias ao ouro como a lama, o carbón ou a cinza. Por iso un home ao ver carbón no Castro de Toldaos pensou «que era ouro dos mouros».[214] Esta transformación do ouro en carbón xa se coñecía na Antigüidade, onde un refrán dicía: «O tesouro resultou ser uns anacos de carbón».[215]

Repítese unha e outra vez a historia da persoa, de calquera idade e xénero, que en pagamento dun servizo recibe dos mouros un agasallo oculto coa condición de non velo ata chegar á casa. A persoa non cumpre o compromiso e o que podería ter sido ouro vólvese carbón ou tizóns.[216] Ás veces como castigo os mouros reteñen baixo terra o desobediente e ata o devoran.[217]

Con frecuencia a historia inclúe a proba de que, se se dominase a ambición, acadaríase o premio. Demóstrao unha chisca de materia moura que permanecera sen ser vista e que se converte en ouro auténtico. Un exemplo do Castro de Regueral: unha meniña recibiu dunha moura agradecida un manteo cheo de cousas, «pero púxolle como condición que non as mirara ata chegar á casa. A nena fixo caso omiso da condición posta e tirou o que levaba, porque era unha morea de carbóns. Ao chegar á casa atopouse coa sorpresa que un carbón que por casualidade quedara na dobrez do manteo transformárase en moeda de ouro».[218] Unha vella recibe no Castro de Viladafonso unha barrica, que resultou estar chea de cinsa; espallouna nun prado –pois empregábase como fertilizante- «e este prado escintilaba moito de noite porque tiña po de ouro».[219] Nunha historia portuguesa a demostración atínxese doutra maneira. Unha pastora recibe un agasallo envolto, a curiosidade fai que mire, ve só carbóns, guíndaos ao chan e despois mira cara atrás e ve a moura que apaña os carbóns, transformados nas súas mans de novo en ouro.[220]

Nalgúns casos o que se converte en ouro é madeira[221] ou palla[222] ou corda[223] ou millo[224] ou lama[225] ou cagallas de ovella[226] ou cagallóns de burro.[227] En Portugal a miúdo os que se volven ouro son figos, en especial os pasos, de cor dourada.[228] Trátase, pois, de cousas de cor aproximada á do ouro pero de escaso valor e mesmo noxentas. Nalgún conto a oposición establécese entre o ouro e o ferro. Un vello de Ousende encontrou no Castro «pedras e anacos de ferro que se converterían en ouro se soubese desfacer o encanto».[229]

Xentís

Aínda que, por simplificar, ata agora falamos de “mouros”, os monumentos pétreos da Galiza están habitados en realidade por xentes de procedencia diversa. Son «xentes doutros tempos».[230] Son antigos, son pagáns, e ocupan as ruínas dos monumentos caducos.

Antigos

Nalgúns castros viven os xentís, palabra que procede do latín *gentiles* “estranxeiros”. No Castro de Torrevella «vivían os xentís».[231] No Castro de Oza «había casas dos xentís, que eran xente grande».[232] No Castro de Gabenlle «noutros tempos había xentís».[233] Tamén no Castro de Insua[234] e no Castro de Montrescraros «din que estiveron os xentís».[235] O Castro de Ouxes «fixérono os fenicios».[236] O de Monte de Ollos habitárono os mouros «denantes de que viñeran os romanos e denantes tamén de viren os cartaxineses».[237]

As mámoas de Irote gardan «tesouros postos alí polos romanos».[238] No Coto do Castro de Artes «viviron os romanos».[239] Tamén no de Erboedo e no de Santa María de Campos.[240] Ben expresivo é o informante do Castro de Cances, onde «viviu unha raza de xente de fóra, da casta dos romanos».[241]

Con todo, a maioría dos monumentos residen os mouros. No Castro de Sinde «vivían os mouros, naqueles tempos de xente antiga».[242] O Coto do Castro construíuno «a raza dos mouros».[243] No Castro de Anido «en tempos moi antigos habitaban xentes de mouros e cartaxineses».[244] No de Niñóns «estiveron os mouros naqueles tempos antigos».[245]

Bastantes informes vinculan os mouros dos castros cos sarracenos expulsados polos cristiáns e, segundo a lenda, polo apóstolo Santiago. Ao Outeiro do Mouro chegou o Apóstolo «detrás dos mouros e botounos fóra».[246] No Castro de Neixón viviron os mouros «denantes de seren botados desta terra».[247] Os mouros do Castro da Cidá «foron botados para África».[248] No Monte Taume «había mouros; despois das guerras que houbo botáronos de aquí».[249] Aos mouros de Socastro escorrentáronos para Marrocos.[250] No Castro de Viladonga «vivían os mouros ata que os botou de España o apóstolo Santiago».[251] Dos mouros do Castro de Lama «deu conta o apóstolo Santiago, montado nun cabalo branco».[252] Aos que moraban nas mámoas do Forno de Arcas «corréronos, fai moito tempo, as xentes que viñeron para aquí».[253] Santiago derrotou os mouros do Castro Liboreiro, onde «quedaron as pegadas dos cabalos».[254]

En más dun lugar dubidan entre mouros e romanos. No bico do Castro da Ribeira «viviron os mouros ou os romanos».[255] O Castro do Portal «foi un forte do tempo dos mouros ou dos romanos».[256] Aseguran que no Cotón de Santa Cecilia «viviron os mouros pero outros din que foi cousa de romanos».[257] O mesmo supoñen do Castro das Croas.[258] Sosteñen que as Mámoas da Cruz «fixéronas os mouros e os romanos».[259] Hai quen di que no Castro das Sete Pías deixaron riquezas os romanos e os mouros.[260] O Castro de Barizo «é cousa de romanos ou de mouros, dos tempos aqueles da antigüidade en que había guerras».[261]

Nuns poucos casos son viquingos os que ocupan os xacementos antigos. No Coto do Castro de Vilacoba «estiveron os mouros e logo os viquingos».[262] «En tempos moi antigos viviron na Atalaia da Enxa os viquingos, que tiñan aquí esta fortaleza».[263]

E non podían faltar, como derradeiros invasores da Península, os franceses. A cidade do Outeiro de Rubiós «foi atacada polos romanos ou polos franceses que estaban no Castro do Furriolo».[264]

Asegúrase que A Rodela de Faramontaos «fora obra dos franceses».[265] O Castro de Cesar «fixérono os franceses»[266] e o de Guimarei contén «tesouros de mouros, árabes e franceses».[267]
Eses estranxeiros viviron, encantados, nas mámoas e nos castros ata tempos recentes; nalgúns casos ata a xeración dos nosos bisavós. «Os mouros aínda hai pouco andaban» polo Monte da Morá do Saviñao.[268] A un soldado de Araño que foi servir ao rei en África un mouro residente naquelas terras contoulle que no Pozo Bastón «tiña enterradas tres fillas».[269] «Un señor que foi facer a mili a África encontrou un mouro que lle dixo que no lugar de Catasén deixou un cinto cheo de ouro».[270]
«Nos tempos da miña bisavoa contábase que na parroquia de Matalobos, no lugar de Santa Baia –asevera un veciño-, había unha fonte na que certos días do ano» víanse cousas de mouros.[271] O tataravó dun home de Loureiro vendíalle patacas, millo e centeo aos mouros do Coto do Castro.[272]
Como se ve, fenicios, romanos, cartaxineses, mouros, viquingos e franceses residen ou residiron nos castros e mámoas de Galiza ata antonte. Trátase dos máis importantes pobos foráneos que habitaron a Península ou que a invadiron. Sobresae a presenza dos mouros, recordo dos musulmáns que viviron en España durante séculos. Cómpre, sen embargo, non confundir os mouros dos castros cos musulmáns históricos, pois comen porco e beben viño e comparten cos labregos galegos- como xa vimos- numerosos trazos culturais. A todos os habitantes dos castros se lles atribúe a mesma cultura, porque non se trata de describir con obxectividade a civilización romana ou a islámica. Tampouco sucede que os romanos vivan en xacementos de orixe romana, os mouros en monumentos árabes e os castrexos nos castros. A calquera deles pode asignárselle unha mámoa, un petróglifo ou un castro. Aquí eses nomes de sociedades históricas só indican que se trata dun pobo antigo e alleo. Antigo abrangue aquí desde os primeiros invasores coñecidos ata os máis recentes. Non se distingue entre distintas épocas históricas. Ás veces mesturan varios deses pobos –romanos e franceses, por exemplo- como se correspondesen á mesma época. Cos contos dos castros os labregos non pretenden, nin moito menos, trazar unha esquemática historia de Galiza. Por outra banda, como se sabe, a sociedade rural non manexa a mesma concepción do tempo que a sociedade moderna. Non concibe o tempo como unha liña longa e continua. Manexa un tempo dual, composto polo presente e un pasado único no que se amontoan e confunden as mámoas, os castros, os antigos, os romanos, os mouros históricos e os galos. Pouco importa. O obxectivo é debuxar, con trazos grosos, a imaxe dos invasores de tempos pasados.
Posto que os labregos galegos identifican os “mouros” cos antigos, cómpre saber que significado se lle atribúe na sociedade tradicional á antigüidade. Desde Grecia “antigo” conxuga unha carga positiva con outra negativa. No sentido positivo aplícase a algo vetusto e respectable. Pero tamén significa vello, gastado, inservible e sen valor.[273] Esta segunda acepción está presente na Biblia e logo en numerosas prácticas, ritos e crenzas populares. O *Apocalipse*

fala da «Serpe antiga, o chamado Diabo».[274] E san Paulo recomendou despoxarse «do home vello que se corrompe seguindo a sedución das concupiscencias».[275] San Ambrosio de Milán comenta ese texto: «Hai dúas clases de homes, o vello e o novo. O home vello é aquel que está sometido e envilecido polo pecado, semellante a un vestido rozado e roto».[276] De aí procede que o demo sexa vello[277] e que os homes carnais sexan representados por vellos no Entroido.[278] E de aí procede que os Padres da Igrexa interpretaran os deuses antigos como manifestacións do demo. *A cova dos tesouros*, unha obra cristiá escrita no século tres, recolle un dos primeiros exemplos. Conta que o fillo do pagán Téraj «fabricou un ídolo de ouro e erixiuno sobre o seu sepulcro segundo o costume da época. Encargou a un mozo que o custodiara. Satán entrou no ídolo». Logo Satán pediulle ao fillo de Téraj sacrificios humanos e deulle a coñecer a maxia negra. «Dende entón os homes ofreceron os seus fillos aos demos».[279]

Santiago da Voráxine, en *A lenda dourada*, tan influínte, conta varios milagres nos que dos ídolos pagáns rompidos por un santo saen demos. Conta que en certa ocasión Lonxinos «colleu unha macheta e con ela esnaquizou as imaxes das falsas divindades... Os demos que se albergaban nelas, ao quedárense sen morada, aloxáronse no corpo do gobernador e dos seus secuaces».[280] Nunha prédica santo Andrés resume a doutrina cristiá sobre os ídolos: «Os emperadores de Roma non saben que o Fillo de Deus veu á terra e que nos aprendeu que os ídolos son demos que instigan os homes a ofenderen ao Deus verdadeiro».[281] Santo Tomé «mandou ao demo aloxado na imaxe do sol que, tan pronto el dobrara os xeonllos ante o ídolo, o destruíra».[282]

Estas historias foron plasmadas en múltiples miniaturas e cadros medievais. No *Martiroloxio de Usuardo* san Sátiro ao pasar a carón dun ídolo asentado sobre unha columna, fai o sinal da cruz; entón a columna rompe e a imaxe pagá, con aspecto de demo, esnáfrase contra o chan.[283] Cando Calócero e Partenio, dous cristiáns que se negan a adorar a imaxe dun deus pagán, se axeonllan a rezar a Cristo, o ídolo toma aspecto de demo peludo e horripilante.[284] Un artista anónimo aragonés do século XV pinta a san Bartolomeu intentando que o emperador se converta ao cristianismo. Para convencelo, o santo fai caer dun alto pedestal a estatua do ídolo Astaroth, do que foxe un demo.[285]

Esta asociación entre antigo, vello, pagán e demoníaco, reflíctese tamén no lugar escollido para situar o pobo dos mouros míticos.

Ocupan as ruínas

Os romanos e os mouros míticos habitan os monumentos máis antigos, como as mámoas e os castros, segundo sinala Risco: «Os mouros son os habitadores dos nosos moimentos antigos. Calquera construción ou ruíña de orixe descoñecida para os paisanos, son para iles “cousas dos mouros”, foron “feitas polos mouros», son “do tempo dos mouros, do tempo da Mourindá”. Os castros, as citanias, as antas e mámoas, as pedras escritas, as penedas con riscos ou sinais...».[286]

Cren os de Iroite que «os mouros vivían nas mámoas».[287] En Gardián, no Monte das Mámoas, «están as mámoas polo monte adiante e contaban os vellos que foron feitas polos mouros».[288] A Mámoa dos Curros foi «feita polos mouros».[289] As mámoas do Campo das Sete Mámoas «son obra da raza dos mouros, que vivían alí».[290] As tres mámoas do Campo das Mámoas de Pardesoa «cren os campesiños que foron construídas polos mouros».[291] «É obra dos mouros» o Castro de San Fins,[292] o de Foloña e a Torre de Orseño.[293] O Castro de Santa Mariña «fixérono os mouros».[294]

Como xa sucedía en Grecia, inclúense entre os restos antigos pedras naturais que gardan semellanza con obxectos realizados polo home. No caso galego atribúense, claro está, a obra dos mouros. No Castro da Piñeira «hai uns penedos cavados con grandes ouvidos. Nun deses ata se ve coma se fora unha fiestra, e a xente chámalle o Peinador da Moura».[295]

O significado que lles atribuían ás ruínas na sociedade cristiá tradicional encaixa co que vimos para "antigo". Por suposto, non en todas as civilizacións lle outorgan o mesmo. Así, en Grecia os pazos de Creta inspiraron o Labirinto no que Teseo se enfrontou ao terrible Minotauro. Os quechuas de Bolivia ven nos monumentos do pasado restos de eras anteriores, nas que viviron outros seres humanos, máis pequenos e adaptados a escuridade porque daquela aínda no existía o sol, Inti, o pai dos deuses e dos homes.

A sociedade cristiá interpreta as ruínas como vestixios do mundo anterior a Cristo, baixo o dominio do paganismo e do demo. Moitos pintores do Renacemento e do Barroco plasmaron esta concepción nos seus cadros, en especial nos do nacemento de Xesús, que supoñía o inicio do fin dos tempos vellos. No *Nacemento de Cristo* da igrexa da Santa Trinita de Florencia Ghirlandaio pintou un par de columnas clásicas e puxo o boi e a mula a beber non nunha pía do gando senón nun sarcófago grecolatino, que, dese xeito, nos novos tempos quedaba rebaixado a unha función vil.[296] Mantegna situou o martirio de *San Estevo* diante dunhas columnas clásicas en ruínas.[297] E Xesús no *Bo Pastor* de Murillo senta sobre unas ruínas pagás derrubadas polo chan.[298]

As ruínas nas que viven os mouros son, pois, o escenario perfecto para a vida dos homes antigos, dos homes anteriores ao catolicismo e hostís a Cristo.

Pagáns

Varios comportamentos relixiosos dos mouros afástanos dos cristiáns. Algúns son tan tópicos como adorar o sol e ofrecer sacrificios humanos, algo que, por certo, aos gregos lles servía para caracterizar os bárbaros. Unha laxe grande do Outeiro dos Cabaliños «era un altar dos mouros para adoraren o sol».[299] As arcas das mámoas de Iroite «teñen todas a porta ao nacente do sol porque os que vivían nelas eran irmáns dos mouros e adoraban o sol».[300] Os mouros de Rebón «ían ao castro adorar o sol».[301] Na Eira dos Mouros de Castrelo «os mouros adoraban os seus

deuses».[302] No con do Castro das Sete Pías «hai sete pías nas que os mouros facían sacrificios de animais e persoas, e nelas botaban o sangue para adiviñar».[303]

Enterraban os mortos nos cemiterios, si, pero tras unha práctica pouco cristiá. No Chan dos Marcos «non se podía enterrar a ninguén namentras non fora comesto polos animais».[304]

Na concepción dualista tradicional, que o cristianismo herdou da filosofía helenista e que todo o abarca, os mouros pagáns, adoradores do sol, politeístas e practicantes de sacrificios humanos, sitúanse sen ambaxes no bando maléfico. Os tempos, os lugares e os homes antigos pertencen a Satán. A uns que se achegaron ao Monte Castelo a buscar tesouros «saíulles o demo con todo o seu aparello de tronos, terremotos e bruídos».[305] En Niñodaguia «a xente ten medo de ir ao castro, pois dise que nel teñen aparecido o demo e pantasmas».[306] A un cura que intentaba desencantar o tesouro da Fraga da Tecedeira «apareceulle o diabo escarnanchado na punta do peso do lagar».[307] Un demo trampulleiro que garda unha moura en Rio de Onor esixe a quen quere desencantala enfrontarse con el nun duelo despois de escoller entre unha espada linda e unha fea. Se o valente escolle a linda, que é de vidro, está perdido, mentres que se escolle a de ferro, pode vencelo.[308] No Cabeço da Velha en Labiados un sapo enorme, que «era o diabo», custodiaba o tesouro.[309] O Castelo do Mau Vizinho agacha un becerro de ouro ao que guía o diaño.[310] No Castelo dos Mouros viven uns seres estraños; «uns din que son mouros, outros que é o propio demo».[311] Uns homes que cavaban na fonte do Lameiro de Cima «fuxiron asustados ao ver o demo ou unha moura en feitura de becho horrendo».[312] A outros, que pretendían dar co tesouro de San Tomé do Castelo, aparecéuselles «un fato de demos cos fociños moi feos, e que estaban vestidos con roupas de ouro e diamantes».[313] O Poço de Panóias, onde vive unha moura, dise que é «unha das entradas para o inferno e que alí mora o demo».[314] No Serro de Penhas Juntas «hai grandes tesouros gardados polo diaño, que ás veces sae aos pastores en forma de touro preto».[315]

Esa relación das riquezas ocultas e dos mouros co demo explica que todo desapareza cando se pronuncia o nome de Xesús. Pronunciar o nome de Xesús é un medio sempre eficaz para defenderse do demo e das bruxas, segundo mostran numerosos testemuños de inquisidores, ademais dos contos e das prácticas populares.[316]

No Outeiro dos Pazos se «alguén di ¡Xesús!», arde todo.[317] «Un veciño de Castro de Abaixo loitaba todas as noites cun touro que vivía no castro ata que un día dixo ¡Xesús me valga!, e o touro estoupou e desapareceu».[318] Un mozo que achara ouro no Castelo dos Mouros «exclamou ¡váiame Deus! Foi abondo para que todo o ouro desaparecese».[319] No Monte Castelo un vello, ao ver un carro cargado de ouro, non puido conterse e berrou: «¡Loado sexa Deus, xa somos ricos! e o demo desapareceu con carro e todo».[320] Un galego, que acompañaba a outros no intento de facerse co tesouro portugués da Cerca, viu un demo tan feo que, asustado, exclamou: «Xesús da miña vida, a miña alma é para Deus!». De súpeto «o demo desapareceu».[321] Mesmo desaparece a moura antes de ser desencantada, cando se pronuncia o nome de Xesús.[322]

E como por onde anda o demo nunca faltan bruxas, nos castros tamén están presentes, se ben sen quitarlle o protagonismo aos mouros. No castro do Monte dos Remedios na noite de San Xoán «aparecen bruxas».[323] A fonte do Castro de Famelga «é visitada os sábados polas bruxas».[324] Un bruxo mouro do castelo de Algoso, coñecedor das artes máxicas, encantou unha moza, converténdoa en cobra.[325] Os mouros do Castro de Magros teñen poder para enmeigar.[326]

O feitizo mouro máis repetido lembra o que usou Medea coa prometida do seu marido Xasón: «Medea invocou os deuses polos que Xasón xurara e, tras reprocharlle moitas veces a súa ingratitude, envioulle á noiva un peplo envelenado que ao vestilo abrasouna con lume voraz».[327] Segundo Hixino, agachou a pezoña nun diadema.[328]

Nos contos de mouros o acto de feitizo segue sempre o mesmo esquema: un home ou unha muller que teñen trato cos mouros cometen un erro e reciben unha saia, unha cinta ou un xustillo enfeitizados. Na Pena de Francia a un arrieiro que descobre os seus secretos negocios cos mouros acepta «un fermoso xustillo de regalo para a súa dona». O arrieiro, como os demais personaxes nesa tesitura, decide poñer o xustillo nunha árbore e descobre os seus funestos efectos: «O arrieiro probouno nunha cerdeira, e a cerdeira comezou a arder».[329] Tamén por non gardar o segredo un home recibiu dun mouro «unha saia para a muller, mais el, sabe Deus o porqué, colgou a saia nunha árbore e de súpeto todo se alampou e queimouse todo».[330] Unha moura do Castro Pedro deulle a un home «unha cinta dourada para que lla puxera á muller, que lle había de estar moi ben. Mais o home fixo de outro xeito e atou a cinta a unha árbore, que nun instantiño quedou feita borralla».[331] Unha muller de Pedreda «queríalle moi mal aos mouros do Castelo, e eles a ela. Entón foi e déronlle ao home da muller un xustillo moi rechamante e con botóns que relucían. Ao baixar, o home cinguiuno nun carballo, a ver que tal campaba, e ao dar os botóns, foi e ardeu xustillo e carballo».[332] No Castelo dos Mouros da Siradella pasou o mesmo cun cinto[333] e nos Castros de Moraña cun traxe de muller.[334]

Os mouros do Castro de Pontellas «tiñan poderes, e un día dous estaban discutindo por non se sabe o que, entón un enfadouse e mandou unha praga para onde vivía o outro, unha praga de ratos. Cando se decatou non puido facer nada, pero o mouro que quedou mal pagado vingouse facendo que a muller ou filla ou familiar do outro puxera unha faixa que a fixo estéril e nunca puido terr fillos».[335] Así pois, os mouros tamén se lanzan feitizos entre eles.

Outras marcas negativas

Os mouros están marcados con outras características negativas, case todas demoníacas. Son negros, fedorentos, nocturnos, antropófagos e viven baixo terra. Mesmo inverten a linguaxe pois os do Castro de Novela «chaman polos porcos dicindo “touriños”, “touros”».[336]

Un pastor de Muxa afirmou que no Castro de Estrar «viviron os negros, nome que equivalía ao dos mouros».[337] O Castro de Méixome «fedía a mouros encantados».[338] No tesouro do Gestal, en Vila Pouca de Aguiar, había «unha mina de mal cheiro».[339]

Os mouros do Castro de Anllóns «traballaban pola noite con ouro, pero polo día non se deixaban ver».[340] Os do Castro de Illón «saen pola noite porque viven doutro xeito que os cristiáns e dormen polo día». As mulleres «saen ás doce da noite» a peitear os cabelos.[341] Os mouros do Castro, en Dozón, «traballan de noite».[342]

Os moradores do Castro Liboreiro «comen a xente e fan moito mal».[343] O pai dunha nena de nome Isabel, que desaparecera no Castro de Marce, oíu unha voz no castelo dos mouros que dicía: «Sabeliña, Sabelón, fretida está en aceitón».[344] Outra nena perdeuse no Castro da Madanela e a nai buscábaa berrando ¡Manueliña! ata que lle respondeu a voz dun mouro: «Unha cociñada e outra fritida, Manueliña está na miña barriga».[345] No Castro de Cerdeira comunica o fatal destino da nena a voz dunha moura vella.[346] Unha nena indiscreta do Castro de Lamas «por parleira está ardendo na caldeira».[347] Ben condimentada comeron os mouros a vítima do Castro de Piñeira: «A Mariquiña, por lingoreteira, está na miña barriga, fritida con allo e manteiga».[348] Os mouros do Castro de Marcelle, coma os caníbales dos contos marabillosos, perciben o cheiro «a carne de cristianillo vivo».[349]

A común oposición entre arriba e abaixo, ceo e terra, deuses e seres maléficos, Deus e o demo, leva os mouros ao subsolo.[350] A xente do Castro de Gabenlle «vivía baixo a terra».[351] Os mouros do Castro Buxel «vivían dentro da terra».[352] As pisadas dos que andan por riba do Castro de Miñortos, sobre as vivendas subterráneas, «soan a oco».[353]

As súas vivendas están baixo terra, pero a rente da superficie, tanto que se corre o risco de tocalas co arado ou coa roda do carro se afondan un pouco. A imaxe do arado é clara para calquera; a do carro, para quen coñeza que as rodas furan rodeiras máis ou menos fondas mesmo na rocha.

No Castro de Vilacaiz «ao traballaren as terras co arado a xente non pode profundar os labores porque as casas dos mouros están debaixo e tropezan as ferramentas nos tellados».[354] A trabe de ouro do Castro Follente «ninguén a encontrará a non ser a rella ou o pé da ovella».[355] O tesouro da moura de Cidagonha só «podería ser descuberto por pata de ovella ou punta de rella».[356] O mesmo sucede cos tesouros do Castro de Socastro, o de Toldaos e o de Lobeira.[357] Entendo que as ovellas tocan o mundo dos mouros ao afondar nos carreiros polos que pasan todos os días.

Os carros pasaban por riba da trabe de ouro que agacha O Castrillón.[358] «O tesouro do Castro Meimón está tan pouco atuado que lle tocan as rodas do carro cando pasan por riba del».[359] Un veciño de Vea descubriu unha trabe de ouro no Castro de San Bartolomeu «nas rodeiras do carro».[360] A viga de ouro do Monte de San Cibrán estaba «enterrada tan cerca da superficie que case a tocaban os carros de bois».[361] As trabes de ouro do Castro das Rodeiras «teñen que encontralas as rodas dun carro a forza de afondar no camiño».[362] Aseguran os veciños de Barcala que no Castro Valente «había unha viga de ouro debaixo dun camiño e os carros ao iren gastando as pedras da rodeira chegarían a ela».[363]

Encantados

Estes xentís, romanos, mouros e franceses viven aínda na actualidade nas ruínas dos monumentos antigos porque están encantados. Os sorprendentes obxectos que posúen son «encantos».[364] O diñeiro que deixaron os mouros no Castro de Mourelos «está encantado e para que sirva hai que desencantalo».[365]

Encantar significa «exercitar sobre algo ou alguén artes de maxia, particularmente converter unha cousa ou persoa de maneira marabillosa noutra distinta».[366] Encantamento equivale, pois, a transformación. Polo xeral a persoa encantada pasa a pertencer ao mundo maléfico. Así, unha moza encantada transfórmase en serpe ou noutro animal que represente os seus defectos.[367] En ocasións sucede que a moura encantada preséntase, como Melusina, co busto dunha muller fermosa e coa metade inferior dunha cobra.[368]

Posto que o encantamento é unha forma de bruxería, desencantar equivale a desembruxar. De aí que, tanto nos contos marabillosos coma nos de tesouros, para desencantar se usen idénticos medios que para combater as bruxas e toda forma de poder maligno. Entre eses medios, como xa mostrei en *Satán, sus siervas las brujas y la religión del Mal* e nos libros sobre medicina popular, sobresaen as cruces, as cousas benditas, o sal –por intervir no bautismo-, o pan –porque representa o pan eucarístico- e os elementos purificadores.

Os mouros, que permanecen invisibles no mundo subterráneo, déixanse ver en días especiais.[369] No Chan dos Marcos os obxectos encantados aparecen «na noite de san Pedro».[370] A galiña dos pitos de ouro do Castro de Matalobos saía «todos os anos polo san Xosé ou polo Pentecostés».[371] Pero o máis normal é que os mouros estean visibles na noite de san Xoán. Como teño analizado na *Antropoloxía de Galicia*, nas vésperas das festas cristiás manifféstase bruxos e personaxes encantados, nunha expresión da loita dualista entre o mundo do mal e o mundo divino.

«Todos os anos polo San Xoán, despois de apagarse as fogueiras, aparecía no monte dos Remedios unha muller vella sentada». Nese mesmo castro déixase ver unha «cobra na noite de San Xoán e deseguido aparecen bruxas».[372] Na Peneda do Encanto «na mañanciña de San Xoán aparecía unha galiña con pitos».[373] No Castro de Beres «a véspera de San Xoán saía unha galiña negra con pitos».[374] «Na noite de San Xoán óense uns ruídos de campás que proceden do monte da Cidá».[375] No Castro de Socastro «o día de San Xoán, despois de poñerse o sol, aparecían carbóns».[376] No Castro de Brandoñas «adoitaba baixar nas noites de San Xoán unha vella que viña fiando».[377] En Pala Moura na noite de San Xoán preséntanse as mouras con todos os seus tesouros.[378] No Castelo de Pineda «a media noite de San Xoán» as mouras soltan tristes ais e repican sinos.[379] No Castro da Igrexa durante «a noite de San Xoán aparece unha dona peiteándose».[380]

Conclusión

Pretendía eu estudar o significado da trabe de ouro e resultou que esa trabe, como todas as trabes, formaba parte dun edificio complexo. Hai trabes de ouro nos pazos de riqueza oriental; nos templos e no Paraíso, sagrados e puros; e nas casas dos mouros encantados, nas que o ouro sofre a ameaza do alcatrán ou se transforma en carbón, barro ou palla.

O dos mouros é un pobo mítico creado por galegos e europeos co método das semellanzas e diferenzas. Atribuíronlle moitos trazos da vida cotiá dos labregos e acrecentáronlle trazos diferenciadores: a riqueza en ouro e a condición de antigos, de homes vellos e xentís. Os mouros dos castros non son a lembranza na cultura rural dos mouros históricos, como mostra o feito de comeren carne de porco e beberen viño. Estou de acordo con González Reboredo e Llinares en que representan o "outro". Pero un outro identificado co home vello, co xentil, xa se lle chame romano, mouro ou francés. Pouco lles importaron aos labregos os anacronismos. O seu obxectivo era crear a icona do home antigo: unha persoa con abondosas similitudes cos campesiños, certo, pero con comportamentos relixiosos contrarios ao cristianismo e inclinada a prácticas como a antropofaxia que a sitúa entre os seres maléficos.

Complétase cos mouros míticos os distintos niveis da identidade dos galegos. A xente do campo identifícase coa casa, a aldea, a parroquia, Galiza e España. E mediante o mito dos mouros identifícase coa sociedade cristiá e europea fronte aos pagáns. Estes pagáns non se corresponden cun determinado pobo do presente nin do pasado. Son a icona do pagán mítico: adorador do sol, dado aos sacrificios humanos e caníbal. E tamén rico, dono de tesouros sen conto. Desa maneira a riqueza desmedida queda vencellada ao mundo do mal. A transformación do ouro en carbón que se dá nos castros tamén a sofre o ouro regalado polo demo. En ambos casos –creo eu- se segue a visión da riqueza que predica o cristianismo tradicional, segundo Le Goff.[381] Os tesouros dos castros son instrumentos do demo para espertar a cobiza. A súa natureza ambivalente reflicte a concepción tradicional sobre o diñeiro, desexable e ao mesmo tempo perigoso, se non se obtén con esforzo e limpeza de espírito. De aí o motivo do tesouro composto por unha trabe de ouro e outra de alcatrán, ou de xofre ou de lume. O ambicioso que pretenda ficar co ouro, se non cumpre coas condicións axeitadas, arderá co alcatrán. Cristo mandou poñer as miras non nos tesouros deste mundo senón nos do ceo: «Non amontoedes tesouros na terra, onde hai couza e ferruxe que corroen, e ladróns que socavan e rouban. Mellor amontoádeos no ceo, onde non hai couza nin ferruxe nin ladróns». Pois «non podedes servir a Deus e ao diñeiro».[382] Eran outros tempos. Ou quizais sempre foron os mesmos.

Unha conclusión xeral: os mitos de antano, en contra da opinión vulgar que os considera relatos sen fundamento, expresan con eficacia concepcións sociais non menos verdadeiras que as ideas políticas e económicas dos nosos días. Os mitos mudan e fanse translúcidos, pero non desaparecen.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura 1999 *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos*. Ed. do Castro. 402 pp.

DÍAZ Y DÍAZ, Manuel 1972 *Liber de ordine creaturarum. Un anónimo irlandés del siglo VII*, Santiago, Universidad, 240 pp.

1985 *Visiones del Más Allá en Galicia durante la Alta Edad Media*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 180 pp.

GALILEA ANTÓN, Ana 1995 *La pintura gótica española en el Museo de Bellas Artes de Bilbao*, Museo de B. A. de Bilbao, 351 pp.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. 1971 *El folklore de los castros gallegos*. Universidad de Santiago. 100 pp.

LLINARES, Mar 1990 *Mouros, ánimas, demonios*. Madrid. Akal. 206

MARIÑO FERRO, X. R. 1997 *Serpes e dragóns*. Vigo.Ed. Cumio. 92 pp.

2000 "Mouros e tesouros", *Grial* nº 148, pp. 565-574

2004 *Los cuentos maravillosos*, Barcelona, Ronsel, 378 pp.

2007 "A serpe, a muller e o diabo", Ourense, *Boletín Auriense*, número dedicado a Xesús Taboada Chivite no centenario do seu nacemento, pp. 251-278

2012 "Mouras e Melusinas" en NOIA, Camiño (Ed.) *Imaxes de muller*, Universidade de Vigo, pp. 57-72

PARAFITA, Alexandre 2006 *A mitologia dos mouros*, Canelas, Gailivro, 459 pp.

RISCO, Vicente 1979 *Historia de Galiza* vol I, Madrid, Akal, 777 pp.

---

[1] Hesíodo *Traballos e días* 108-121
[2] *Códice Calixtino* IV 4 (páx. 400)
[3] *Códice Calixtino* V 7 (pág. 483)
[4] Aparicio nº 138 (pág. 95)
[5] Aparicio nº 382 (pág. 218)
[6] Aparicio nº 170 (pág. 111)
[7] Aparicio nº 85 (pág. 74)
[8] Aparicio nº 24 (pág. 33); nº 366 (pág. 210)
[9] Aparicio nº 374 (pág. 213)
[10] Aparicio nº 366 (pág. 210)
[11] Aparicio nº 98 (pág. 80); nº 171 (pág. 111); nº 413 (pág. 247); nº 415 (pág. 249)
[12] Aparicio nº 259 (pág. 149); nº 402 (pág. 232); nº 330 (pág. 191)
[13] Aparicio nº 304 (pág. 178-9)
[14] Aparicio nº 77 (pág. 64)
[15] Aparicio nº 394 (pág. 226); nº 403 (pág. 237)
[16] Aparicio nº 239 (pág. 141)
[17] Aparicio nº 219 (pág. 131); nº 227 (pág. 134); nº 231 (pág. 137); Parafita nº 108 (pág. 280)
[18] Parafita nº 178 (pág. 326)
[19] Aparicio nº 164 (pág. 109)
[20] Aparicio nº 488 (pág. 285)
[21] Aparicio nº 375 (pág. 213)
[22] Aparicio nº 405 (pág. 239)
[23] Aparicio nº 402 (pág. 231-2)
[24] Aparicio nº 62 (pág. 58)
[25] Aparicio nº 331 (pág. 193); nº 358 (pág. 205); nº 380 (pág. 216); nº 384 (pág. 219); nº 387 (pág. 222); nº 395 (pág. 227)
[26] Aparicio nº 379 (pág. 215)
[27] Aparicio nº 394 (pág. 225)
[28] Aparicio nº 32 (pág. 36)
[29] Aparicio nº 329 (pág. 191)
[30] Aparicio nº 417 (pág. 250)
[31] Aparicio nº 399 (pág. 229); nº 495 (pág. 288)
[32] Aparicio nº 399 (pág. 228)
[33] Aparicio nº 379 (pág. 215); nº 387 (pág. 221)
[34] Aparicio nº 380 (pág. 216)
[35] Aparicio nº 79 (pág. 65); nº 368 (pág. 211); nº 403 (pág. 237)
[36] Aparicio nº 231 (pág. 137); nº 406 (pág. 242)
[37] Aparicio nº 402 (pág. 232)
[38] Aparicio nº 394 (pág. 226)
[39] Aparicio nº 394 (pág. 225-6); nº 405 (pág. 239)
[40] Aparicio nº 222 (pág. 132)
[41] Aparicio nº 373 (pág. 212)
[42] Aparicio nº 403 (pág. 238)
[43] Aparicio nº 361 (pág. 207)

[44] Aparicio nº 164 (pág. 109); nº 284 (pág. 165)
[45] Aparicio nº 197 (pág. 121)
[46] Parafita nº144 (pág. 305)
[47] Aparicio nº 394 (pág. 225); nº 320 (pág. 187); nº 377 (pág. 214); nº 405 (pág. 239); nº 491 (pág. 287); Parafita nº 190 (pág. 335)
[48] Parafita nº 240 (pág. 369)
[49] Aparicio nº 264 (pág. 152)
[50] Aparicio nº 282 (pág. 163)
[51] Aparicio nº 283 (pág. 164)
[52] Aparicio nº 379 (pág. 215); nº 152 (pág. 102)
[53] Aparicio nº 500 (pág. 291)
[54] Aparicio nº 386 (pág. 220); nº 434 (pág. 259)
[55] Aparicio nº 451 (pág. 267)
[56] Aparicio nº 112 (pág. 85)
[57] Aparicio nº 45 (pág. 52)
[58] Aparicio nº 485 (pág. 284)
[59] Aparicio nº 311 (pág. 182)
[60] Parafita nº 15 (pág. 208); nº 19 (pág.); nº 62 (pág. 241); nº 145 (pág. 306); nº 223 (pág. 356)
[61] Aparicio nº 308 (pág. 180)
[62] Aparicio nº 329 (pág. 191)
[63] Aparicio nº 331 (pág. 192)
[64] Aparicio nº 511 (pág. 295)
[65] Aparicio nº 88 (pág. 76)
[66] Aparicio nº 311 (pág. 182)
[67] Aparicio nº 379 (pág. 215)
[68] Parafita nº 64 (pág. 243)
[69] Aparicio nº 437 (pág. 260)
[70] Aparicio nº 164 (pág. 108)
[71] Aparicio nº 402 (pág. 233)
[72] Aparicio nº 402 (pág. 233)
[73] Aparicio nº 410 (pág. 245)
[74] Aparicio nº 484 (pág. 283)
[75] Aparicio nº 475 (pág. 278)
[76] Aparicio nº 475 (pág. 278)
[77] Aparicio nº 88 (pág. 76)
[78] Aparicio nº 154 (pág. 103)
[79] Aparicio nº 321 (pág. 187)
[80] Aparicio nº 379 (pág. 216); nº 394 (pág. 226)
[81] Aparicio nº 62 (pág. 58)
[82] Aparicio nº 405 (pág. 239)
[83] Aparicio nº 296 (pág. 174)
[84] Aparicio nº 310 (pág. 181); nº 187 (pág. 117); nº 77 (pág. 64); nº 182 (pág. 115)
[85] Aparicio nº 469 (pág. 275); Parafita nº 194 (pág. 338)
[86] Aparicio nº 310 (pág. 181); nº 418 (pág. 250)
[87] Aparicio nº 336 (pág. 195)
[88] Aparicio nº 142 (pág. 97)
[89] Parafita nº 140 (pág. 303)
[90] Aparicio nº 132 (pág. 93)
[91] Aparicio nº 320 (pág. 187)
[92] Aparicio nº 283 (pág. 164)
[93] Parafita nº 170 (pág. 320); nº 260 (pág. 383)
[94] Parafita nº 246 (pág. 374)
[95] Aparicio nº 38 (pág. 48)
[96] Aparicio nº 217 (pág. 130); nº 403 (pág. 238)
[97] Parafita nº 188 (pág. 334)
[98] Parafita nº 184 (pág. 332); nº 203 (pág. 343)
[99] Aparicio nº 328 (pág. 190)
[100] Aparicio nº 235 (pág. 139); nº 238 (pág. 141); Parafita nº 22 (pág. 211); nº 249 (pág. 375)
[101] Aparicio nº 320 (pág. 186); Parafita nº 258 (pág. 382)
[102] Aparicio nº 66 (pág. 60)
[103] Aparicio nº 253 (pág. 146)
[104] Aparicio nº 430 (pág. 256); nº 452 (pág. 268)
[105] Aparicio nº 138 (pág. 95); nº 179 (pág. 114); nº 259 (pág. 149); nº 328 (pág. 190); nº 416 (pág. 249)
[106] Aparicio nº 28 (pág. 35)
[107] Aparicio nº 319 (pág. 186); nº 386 (pág. 221); nº 405 (pág. 239); Parafita nº 80 (pág. 257)
[108] Aparicio nº 447 (pág. 265); nº 497 (pág. 289)
[109] Aparicio nº 141 (pág. 97); nº 191 (pág. 119); Parafita nº 112 (pág. 283)
[110] Aparicio nº 75 (pág. 63); nº 28 (pág. 35); nº 77 (pág. 64); nº 329 (pág. 191); nº 483 (pág. 282)
[111] Aparicio nº 310 (pág. 181); nº 364 (pág. 209); nº 426 (pág. 254); nº 463 (pág. 272)
[112] Aparicio nº 402 (pág. 234)
[113] Aparicio nº 10 (pág. 26)

[114] Aparicio nº 407 (pág. 243); nº 443 (pág. 263)
[115] Aparicio nº 402 (pág. 234)
[116] Aparicio nº 294 (pág. 170)
[117] García Gual, C. *Antología de la poesía lírica griega* páx. 126
[118] Homero *Odisea* IV 122 (pág. 145)
[119] Homero *Odisea* IV 131 (pág. 146)
[120] Mariño Ferro *Satán, sus siervas las brujas y la religión del mal* pax. 72; La medicina popular interpretada I pp. 199-203
[121] Díaz 1985, páx. 52
[122] Díaz 1985, páx. 97-116
[123] Borrow 336
[124] Aparicio nº 36 (pág. 39); 211 (pág. 127)
[125] Aparicio nº 141 (pág. 97)
[126] Parafita nº 143 (pág. 304)
[127] Aparicio nº 41 (pág. 49); nº 229 (pág. 134)
[128] Aparicio nº 235 (pág. 139); nº 238 (pág. 141); nº 259 (pág. 149); nº 274 (pág. 159); nº 286 (pág. 166); nº 349 (pág. 201)
[129] Parafita nº 262 (pág. 384)
[130] Parafita nº 162 (pág. 315)
[131] Aparicio nº 239 (pág. 141)
[132] Aparicio nº 231 (pág. 137); nº 468 (pág. 275); nº 486 (pág. 284); Parafita nº 162 (pág. 315)
[133] Parafita nº 146 (pág. 307)
[134] Parafita nº 129 (pág. 295)
[135] Parafita nº 192 (pág. 337)
[136] Aparicio nº 309 (pág. 181); nº 339 (pág. 196); nº 362 (pág. 207); Parafita nº 79 (pág. 256)
[137] Aparicio nº 238 (pág. 141); Parafita nº 262 (pág. 384)
[138] Parafita nº 62 (pág. 241)
[139] Aparicio nº 259 (pág. 149)
[140] Parafita nº 110 (pág. 281); Aparicio nº 238 (pág. 141)
[141] Aparicio nº 40 (pág. 49); nº 88 (pág. 75); nº 94 (pág. 79); nº 99 (pág. 80); nº 117 (pág. 87); nº 120 (pág. 88); nº 121 (pág. 88); nº 122 (pág. 89); nº 134 (pág. 94); nº 140 (pág. 96); nº 405 (pág. 240)
[142] Parafita nº 151 (pág. 310)
[143] Aparicio nº 292 (pág. 169)
[144] Aparicio nº 461 (pág. 271); nº 497 (pág. 289)
[145] Aparicio nº 298 (pág. 175); nº 363 (pág. 208); Parafita nº 112 (pág. 283); nº 181 (pág. 330); nº 186 (pág. 333); nº 201 (pág. 342)
[146] Aparicio nº 12 (pág. 27); nº 85 (pág. 74); nº 88 (pág. 77); nº 210 (pág. 127); nº 226 (pág. 133); nº 227 (pág. 134); nº 231 (pág. 137); nº 239 (pág. 141); nº 293 (pág. 170); nº 344 (pág. 198); nº 370 (pág. 211); Parafita nº 70 (pág. 247); nº 220 (pág. 354)
[147] Aparicio nº 121 (pág. 88)
[148] Aparicio nº 402 (pág. 234)
[149] Plinio X 146 (53)
[150] Ripa "Fecundidad". Máis datos en Mariño *Simbolismo animal*
[151] Esopo 87 (pág. 81)
[152] Aparicio nº 32 (pág. 37)
[153] Aparicio nº 368 (pág. 210)
[154] Aparicio nº 36 (pág. 39); nº 341 (pág. 197); nº 354 (pág. 203)
[155] Aparicio nº 346 (pág. 199)
[156] Aparicio nº 444 (pág. 264)
[157] Aparicio nº 462 (pág. 272)
[158] Aparicio nº 481 (pág. 281)
[159] Aparicio nº 140 (pág. 96)
[160] Aparicio nº 446 (pág. 265)
[161] Parafita nº 225 (pág. 358); nº 59 (pág. 239); nº 94 (pág. 271-2); nº 147 (pág. 308); nº 218 (pág. 353)
[162] Aparicio nº 161 (pág. 107)
[163] Aparicio nº 195 (pág. 121)
[164] Aparicio nº 411 (pág. 246)
[165] Aparicio nº 111 (pág. 85)
[166] Aparicio nº 314 (pág. 184)
[167] Aparicio nº 354 (pág. 203)
[168] Aparicio nº 121 (pág. 88)
[169] Aparicio nº 423 (pág. 253)
[170] Aparicio nº 137 (pág. 95)
[171] Aparicio nº 146 (pág. 99)
[172] Aparicio nº 149 (pág. 100); nº 147 (pág. 100)
[173] Aparicio nº 171 (pág. 111); nº 207 (pág. 125); nº 248 (pág. 145); nº 292 (pág. 169); nº 337 (pág. 196)
[174] Aparicio nº 226 (pág. 133)
[175] Aparicio nº 255 (pág. 147); nº 280 (pág. 162)
[176] Aparicio nº 261 (pág. 150)
[177] Aparicio nº 430 (pág. 256)
[178] Aparicio nº 194 (pág. 120); nº 283 (pág. 164); nº 306 (pág. 179)
[179] Aparicio nº 154 (pág. 103); nº 155 (pág. 103); nº 156 (pág. 104); nº 158 (pág. 106); nº 164 (pág. 108); nº 198 (pág. 122); nº 200 (pág. 123); nº 202 (pág. 123); nº 359 (pág. 206)
[180] Aparicio nº 215 (pág. 128)

[181] Aparicio nº 430 (pág. 256); nº 477 (pág. 279)
[182] Aparicio nº 163 (pág. 108)
[183] Aparicio nº 165 (pág. 109); nº 197 (pág. 121); nº 199 (pág. 122); nº 212 (pág. 127); nº 216 (pág. 129)
[184] Aparicio nº 230 (pág. 135)
[185] Aparicio nº 208 (pág. 126)
[186] Aparicio nº 315 (pág. 184)
[187] Aparicio nº 399 (pág. 229)
[188] Aparicio nº 402 (pág. 235)
[189] Aparicio nº 417 (pág. 250)
[190] Dioscórides *Plantas e remedios medicinais* I 73
[191] San Isidoro *Etimologías* XVI 2, 1
[192] Covarrubias *Tesoro de la lengua castellana*
[193] Diodoro de Sicilia *Biblioteca histórica* XIX 98-99
[194] Dante *Divina comedia* Inferno XXI 124
[195] Díaz 1985, pp. 54-56
[196] Tirso de Molina en *Teatro teológico español* I pax. 240
[197] Aparicio nº 164 (pág. 108)
[198] Aparicio nº 359 (pág. 206)
[199] Parafita nº47 (pág. 232)
[200] Parafita nº 261 (pág. 384)
[201] Aparicio nº 300 (pág. 177)
[202] Véxase Mariño 2012
[203] Aparicio nº 423 (pág. 253)
[204] Parafita nº 119 (pág. 289)
[205] Aparicio nº 114 (pág. 86)
[206] Parafita nº 61 (pág. 241); nº 63 (pág. 243); nº 227 (pág. 359)
[207] Véxase Mariño 2000
[208] Aparicio nº 217 (pág. 130)
[209] Aparicio nº 286 (pág. 166)
[210] Parafita nº 223 (pág. 356)
[211] Véxase Mariño *Antropoloxía de Galicia* pax. 485-6
[212] Parafita nº 108 (pág. 280)
[213] Aparicio nº 417 (pág. 250)
[214] Aparicio nº 235 (pág. 139)
[215] Luciano de Samosata *O afeccionado á mentira* 32
[216] Aparicio nº 253 (pág. 146); nº 266 (pág. 154); Parafita nº 213 (pág. 349)
[217] Aparicio nº 316 (pág. 184)
[218] Aparicio nº 278 (pág. 161); nº 247 (pág. 144); nº 283 (pág. 164); nº 288 (pág. 167); nº 311 (pág. 182); nº 423 (pág. 253); nº 263 (pág. 151); Parafita nº 19 (pág. 210); nº 47 (pág. 232); nº 109 (pág. 280); nº 138 (pág. 299); nº 145 (pág. 306)
[219] Aparicio nº 389 (pág. 223)
[220] Parafita nº 62 (pág. 242)
[221] Aparicio nº 437 (pág. 260)
[222] Parafita nº 15 (pág. 208-9)
[223] Parafita nº 216 (pág. 352)
[224] Aparicio nº 265 (pág. 153); nº 294 (pág. 171)
[225] Aparicio nº 407 (pág. 243)
[226] Aparicio nº 269 (pág. 156)
[227] Parafita nº 202 (pág. 342)
[228] Parafita nº 7 (pág. 204); nº 8 (pág. 205); nº 49 (pág. 232-3); nº 63 (pág. 242); nº 154 (pág. 311); nº 179 (pág. 329); nº 210 (pág. 347)
[229] Aparicio nº 277 (pág. 161)
[230] Aparicio nº 121 (pág. 88)
[231] Aparicio nº 109 (pág. 84)
[232] Aparicio nº 110 (pág. 84)
[233] Aparicio nº 132 (pág. 93)
[234] Aparicio nº 123 (pág. 89)
[235] Aparicio nº 134 (pág. 94)
[236] Aparicio nº 218 (pág. 130)
[237] Aparicio nº 308 (pág. 180)
[238] Aparicio nº 37 (pág. 48)
[239] Aparicio nº 101 (pág. 81)
[240] Aparicio nº 127 (pág. 91); nº 155 (pág. 103)
[241] Aparicio nº 104 (pág. 82)
[242] Aparicio nº 95 (pág. 79)
[243] Aparicio nº 402 (pág. 231)
[244] Aparicio nº 99 (pág. 80)
[245] Aparicio nº 178 (pág. 114); nº 172 (pág. 112)
[246] Aparicio nº 9 (pág. 26)
[247] Aparicio nº 88 (pág. 75)
[248] Aparicio nº 187 (pág. 117)

[249] Aparicio nº 189 (pág. 118)
[250] Aparicio nº 191 (pág. 119)
[251] Aparicio nº 231 (pág. 136)
[252] Aparicio nº 313 (pág. 183)
[253] Aparicio nº 47 (pág. 53)
[254] Aparicio nº 354 (pág. 203)
[255] Aparicio nº 112 (pág. 85)
[256] Aparicio nº 118 (pág. 87)
[257] Aparicio nº 119 (pág. 87)
[258] Aparicio nº 122 (pág. 89)
[259] Aparicio nº 71 (pág. 62)
[260] Aparicio nº 349 (pág. 201)
[261] Aparicio nº 145 (pág. 99); nº 299 (pág. 176)
[262] Aparicio nº 142 (pág. 97)
[263] Aparicio nº 181 (pág. 115)
[264] Aparicio nº 303 (pág. 178)
[265] Aparicio nº 322 (pág. 188)
[266] Aparicio nº 345 (pág. 199)
[267] Aparicio nº 386 (pág. 220)
[268] Aparicio nº 43 (pág. 51)
[269] Aparicio nº 124 (pág. 90)
[270] Aparicio nº 420 (pág. 252)
[271] Aparicio nº 386 (pág. 221)
[272] Aparicio nº 402 (pág. 232)
[273] *Diccionario Teológico del Nuevo Testamento* t. I, páx. 136-7
[274] Ap 12, 9
[275] Ef 4, 22
[276] Ambrosio de Milán *A educación da virxe* 2, 13 (páx. 161)
[277] Mariño 1984, pax. 50-51
[278] Mariño 2000, páx. 57
[279] *A cova dos tesouros* 70 (páx. 357-8)
[280] Voráxine cap. 47 (páx. 199)
[281] Voráxine cap. 2 (páx. 32); véxase cap. 2 (páx. 31)
[282] Voráxine cap. 5 (páx. 51)
[283] *Martiroloxio de Usuardo* fol. 11 v. (páx. 223)
[284] *Martiroloxio de Usuardo* fol. 52r. (páx. 223)
[285] Galilea páx. 180-181
[286] Risco páx. 314
[287] Aparicio nº 37 (pág. 48)
[288] Aparicio nº 44 (pág. 51)
[289] Aparicio nº 61 (pág. 58)
[290] Aparicio nº 65 (pág. 59)
[291] Aparicio nº 69 (pág. 61)
[292] Aparicio nº 96 (pág. 79)
[293] Aparicio nº 182 (pág. 115)
[294] Aparicio nº 261 (pág. 150); véxase Parafita nº 71 (pág. 247); nº 112 (pág. 282)
[295] Aparicio nº 316 (pág. 184)
[296] Domenico Ghirlandaio pax. 143
[297] *1001 peintures au Louvre* pax. 283
[298] Murillo 48
[299] Aparicio nº 26 (pág. 33)
[300] Aparicio nº 37 (pág. 48)
[301] Aparicio nº 453 (pág. 268)
[302] Aparicio nº 64 (pág. 59)
[303] Aparicio nº 349 (pág. 201)
[304] Aparicio nº 48 (pág. 53)
[305] Aparicio nº 438 (pág. 261)
[306] Aparicio nº 194 (pág. 120)
[307] Parafita nº4 (pág. 202)
[308] Parafita nº24 (pág. 212)
[309] Parafita nº 26 (pág. 215)
[310] Parafita nº 53 (pág. 234-5)
[311] Parafita nº 166 (pág. 317)
[312] Parafita nº 204 (pág. 343); nº 206 (pág. 344)
[313] Parafita nº 224 (pág. 357)
[314] Parafita nº 230 (pág. 361)
[315] Parafita nº 252 (pág. 377)
[316] Mariño 1984, páx. 304-7
[317] Aparicio nº 298 (pág. 175)
[318] Aparicio nº 434 (pág. 259)

[319] Parafita nº 167 (pág. 318); véxase nº 203 (pág. 343)
[320] Aparicio nº 438 (pág. 261)
[321] Parafita nº 263 (pág. 385)
[322] Parafita nº 115 (pág. 286); Aparicio nº 53 (pág. 55)
[323] Aparicio nº 23 (pág. 32)
[324] Aparicio nº 361 (pág. 207)
[325] Parafita nº 243 (pág. 371)
[326] Aparicio nº 294 (pág. 170)
[327] Véase Eurípides *Medea* 785-9 (pag. 242); 1160 ss. (pag. 254-6)
[328] Hixinio *Fábulas* 25 (pag. 42-43)
[329] Aparicio nº 52 (pág. 55)
[330] Aparicio nº 216 (pág. 129); véxase nº 294 (pág. 172)
[331] Aparicio nº 156 (pág. 105)
[332] Aparicio nº 310 (pág. 181)
[333] Aparicio nº 411 (pág. 246)
[334] Aparicio nº 452 (pág. 268)
[335] Aparicio nº 472 (pág. 277)
[336] Aparicio nº 195 (pág. 121)
[337] Aparicio nº 245 (pág. 143)
[338] Aparicio nº 427 (pág. 255)
[339] Parafita nº 221 (pág. 354)
[340] Aparicio nº 173 (pág. 112)
[341] Aparicio nº 284 (pág. 164-5)
[342] Aparicio nº 374 (pág. 213); nº 379 (pág. 215); Parafita nº 168 (pág. 319); nº 18 (pág. 210); nº 233 (pág. 363)
[343] Aparicio nº 354 (pág. 203)
[344] Aparicio nº 265 (pág. 153)
[345] Aparicio nº 306 (pág. 180)
[346] Aparicio nº 311 (pág. 182)
[347] Aparicio nº 313 (pág. 183)
[348] Aparicio nº 316 (pág. 184); véxase nº 330 (pág. 191)
[349] Aparicio nº 331 (pág. 192)
[350] Aparicio nº 66 (pág. 59); Parafita nº 81 (pág. 258); nº 82 (pág. 258); nº 153 (pág. 310)
[351] Aparicio nº 132 (pág. 93); nº 159 (pág. 106); nº 295 (pág. 173); nº 312 (pág. 183); nº 328 (pág. 190); nº 331 (pág. 192); nº 407 (pág. 244)
[352] Aparicio nº 335 (pág. 195)
[353] Aparicio nº 180 (pág. 114)
[354] Aparicio nº 282 (pág. 163)
[355] Aparicio nº 342 (pág. 198)
[356] Parafita nº 249 (pág. 375)
[357] Aparicio nº 191 (pág. 119); nº 235 (pág. 139); nº 524 (pág. 300)
[358] Aparicio nº 107 (pág. 83)
[359] Aparicio nº 296 (pág. 174)
[360] Aparicio nº 399 (pág. 229)
[361] Aparicio nº 470 (pág. 276)
[362] Aparicio nº 404 (pág. 239)
[363] Aparicio nº 381 (pág. 217)
[364] Aparicio nº 134 (pág. 94); nº 141 (pág. 97); nº 159 (pág. 106); nº 312 (pág. 183)
[365] Aparicio nº 276 (pág. 160)
[366] *Diccionario de uso del español* de María Moliner
[367] Véxase Mariño 2004 *Los cuentos maravillosos;* Mariño 2000; Mariño 2007; Mariño 2012
[368] Véxase Mariño 2012
[369] Aparicio nº 405 (pág. 240)
[370] Aparicio nº 48 (pág. 54)
[371] Aparicio nº 387 (pág. 222)
[372] Aparicio nº 23 (pág. 32); Parafita nº 9 (pág. 205)
[373] Aparicio nº 29 (pág. 35)
[374] Aparicio nº 98 (pág. 80); nº 143 (pág. 98); nº 151 (pág. 101); nº 186 (pág. 116); nº 189 (pág. 118); nº 229 (pág. 134); nº 360 (pág. 206)
[375] Aparicio nº 187 (pág. 117)
[376] Aparicio nº 191 (pág. 119)
[377] Aparicio nº 217 (pág. 130)
[378] Parafita nº 11 (pág. 207)
[379] Parafita nº 41 (pág. 228)
[380] Aparicio nº 228 (pág. 134); nº 299 (pág. 176)
[381] Véxase Le Goff *La bolsa y la vida*
[382] Mt 6, 19; 6, 24